

Por uns servizos **públicos** sociais e de calidade

**Secretariado Permanente
del Comité Confederal de la CGT**
C/ Sagunto, 15, 1º - 28010 Madrid
spcc.cgt@cgt.es / Tel.: 91 447 57 69

CGT - Confederación de Andalucía
C/ Alcalde Isacio Contreras, 2B,
local 8 - 41003 Sevilla
andalucia@cgt.es / Tel.: 95 456 42 24

**CGT - Confederación de Aragón
y La Rioja**
C/ Coso, 157, local izquierda
50001 Zaragoza
cgtaragon@cgt.es / Tel.: 976 29 16 75

CGT - Confederación de Asturias
C/ Sanz Crespo, 3, 3º y 5º
33207 Gijón (Asturias)
cgt-asturias@cgt.es / Tel.: 98 534 34 67

**CGT - Confederació de les Illes
Balears**
Camí de Son Rapinya, s/n
Centre comercial Los Almendros, 2º
07013 Palma de Mallorca
sp@cgt-balears.org / Tel.: 971 79 14 47

**CGT - Confederación de las Islas
Canarias**
C/ Tomás Morales, 1
35003 Las Palmas de Gran Canaria
cgtlaspalmas@cgt.es / Tel.: 928 36 90 79

CGT - Confederación de Cantabria
federacionregional@cgtcantabria.org

**CGT - Confederación de Castilla
y León**
C/ Dos de Mayo, 15, entreplanta
47004 Valladolid
castillayleon@cgt.es / Tel.: 983 39 91 48

CGT - Confederació de Catalunya
Via Laietana, 18, 9è - 08003 Barcelona
spccc@cgtcatalunya.cat
Tel.: 93 310 33 62

**CGT-LKN Confederación de Euskadi
y Nafarroa**
C/ Bailén, 7, Entslo., dptos. 2, 3 y 4
48003 Bilbao
cgtbilbao@cgtbizkaia.grupouni2.com
Tel.: 94 416 95 40

CGT - Confederación de Galicia
C/ Urzaiz, 73 - entresuelo dcha.
36204 Vigo (Pontevedra)
cgtgalicia@gmail.com
Tel.: 986 43 14 76

**CGT - Confederación de Madrid-
Castilla La Mancha**
C/ Alenza, 13, bajo - 28003 Madrid
cgtmadrid@terra.es

**CGT - Confederació del País Valencià
i Murcia**
Avinguda del Cid, 154, baixos
46014 València
sec.general@cgtpv.org



www.cgt.es
www.rojoynegro.info

NO
PRIVATIZACIONES
ALLEAMENTOS
DEGRADACION
PRECARIEDAD



A CGT en contra da privatización de todos os servizos públicos

DESDE hai anos estase desmantelando e privatizando a rede dos servizos públicos, que nos pertencen a todos e todas e que fomos conseguindo tras moito esforzo e loita, tanto da sociedade en xeral como da clase traballadora.

A privatización é un ataque ao noso dereito a dispoñer duns servizos públicos universais e de calidade (municipais, sanitarios, educativos, sociais, transporte, correos, auga, vivenda, comunicacións...) que garantan unhas cotas mínimas de benestar social para a totalidade da poboación.

Os administradores públicos de todas as cores políticas, en complicidade coas empresas e os sindicatos institucionais, pactan día a día, ás agachadas da sociedade e contra os intereses da mesma, a privatización de todos estes servizos públicos en busca de beneficios, converténdoo nun negocio e deixando de ser un dereito. Esta é a norma do neoliberalismo: os servizos públicos son un sector máis co que gañar cartos, que os pague quen teña diñeiro e o resto da cidadanía que se aguante.

A integración na Unión Europea está significando que se asuman as directivas neoliberais que atacan directamente ao mantemento dos servizos públicos como, por exemplo, a directiva Bolkestein, segundo a que todos os servizos públicos deberán liberalizarse e someterse ás leis do mercado capitalista, ao criterio da competitividade e ao beneficio empresarial. Así, tras unha planificada campaña de desprestixio e deterioro dos servizos públicos, procédese á privatización.

A argumentación para privatizar sempre está baseada na farsa de que o privado funciona mellor que o público, cando a realidade de todo proceso privatizador é a perda de emprego, a precariedade dos novos contratos, o deterioro dos dereitos laborais, sociais e económicos, una maior explotación e o encarecemento para a cidadanía do propio servizo.

Desde a CGT rebelámonos e seguimos loitando por:

- Manter e mellorar os servizos públicos e sociais universais e de calidade baixo xestión pública. Recuperar os servizos externalizados e/ou privatizados.
- Garantir un acceso obxectivo e transparente ao emprego público, cunhas condicións laborais, sociais e económicas dignas: A igual traballo, igual salario. Erradicación da cada vez máis elevada precariedade laboral nos servizos públicos e sociais.
- Recuperar o poder adquisitivo perdido nos últimos anos polos traballadores públicos, mediante aumentos lineais, e a instauración por lei da cláusula de revisión salarial.
- Aumento significativo do gasto e do emprego públicos, e dos servizos sociais e de protección aos colectivos máis desfavorecidos, en contraprestación aos danos sociais orixinados polas políticas neoliberais.

A CGT defende os servizos públicos porque:

- Teñen como obxectivo a rendibilidade social, non a económica, e persiguen a satisfacción das necesidades das persoas mentres que o privado busca o beneficio económico do empresario.
- Perseguen a protección social e redistribúen a riqueza de forma colectiva mentres que o privado busca o beneficio particular, con mecanismos de falsa eficacia e de competitividade económica. Os servizos públicos garanten dereitos laborais e sociais, una maior xustiza, igualdade e solidariedade social, mentres que desde o privado non hai redistribución social.
- Privatizar un servizo público significa recoñecer o fracaso da xestión desa administración pública, polo que a receita é a dimisión deses xestores públicos máis que a privatización.